



Concello de Baleira

Listaxe de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo dun operario de maquinaria e conductor de vehículos do concello dentro do programa Depuemprego da Deputación Provincial de Lugo.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

Visto o estado de tramitación do procedemento iniciado por este Concello de Baleira para a selección dun **operario de maquinaria e conductor de vehículos do concello** no ámbito do programa Depuemprego financiado pola Deputación Provincial de Lugo ,e tendo en conta o disposto nas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 5 de outubro do 2017 (publicadas no boletín oficial da provincia de lugo do 14 de outubro do 2017).

RESOLVO:

Aproba-la seguinte relación de admitidos/as e excluídos/as en relación ó mencionado procedemento selectivo :

ADMITIDOS:

Cesar Verdes Dacosta

José Antonio Fuentes Lamela

EXCLUÍDOS:

Uxío Souto Castro: non presenta documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente vixentes segundo o disposto na base quinta das bases aprobadas.

De conformidade co disposto na base sexta esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello, e na páxina web do Concello www.concellobaleira.es, sinalándose un prazo de tres **(3) días hábiles** contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de 3 días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos .

Nomear como membros do Tribunal Cualificador ós seguintes funcionarios do concello de Baleira:

Concello de Baleira



Concello de Baleira

Presidenta : D^a Sandra Neira Gómez , Técnico de Xestión do Concello de Baleira.

Vogais:

D. Alberto Alonso Fernández, Axudante de Servicios Múltiples do Concello de Baleira.

D. Ángel Álvarez Pereira, Aguacil Celador de Obras e Servicios do Concello de Baleira.

D. José Manuel Díaz Pardo, operario conductor do concello de Baleira.

Secretaria:D^a M^a Esperanza Garmendia Núñez, Secretaria-Interventora do Concello de Baleira.

De conformidade co disposto nas bases da convocatoria os/as aspirantes poderán recusar ós/ás membros do Tribunal cando concorran neles/as algunha/s das circunstancias previstas para a abstención segundo o 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal Cualificador constituiráse o día 28 de novembro do 2017 ás 09:00 horas na Casa do Concello de Baleira.

O exame (cuestionario tipo test) da fase de oposición terá lugar na biblioteca do Concello localizada na planta baixa da Casa do Concello o día 28 de novembro do 2017 ás 10:30 horas.

A proba práctica á que se refiren as bases realizaráse o mesmo día 28 de novembro do 2017 ás 13:00 horas. Os aspirantes que teñan que facela acudirán a esa hora á Casa do Concello.

A valoración dos méritos na fase de concurso realizaráse o mesmo día respecto daqueles aspirantes que superen a fase de oposición .

Baleira,

O Alcalde

Asdo.: Ángel Enrique Martínez-Puga López.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Baleira